



ILMO. CONCELLO DE
CAMBADOS

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA ADOPCIÓN DE ACORDO EN RELACIÓN COA SOLICITUDE DE PRÓRROGA DO PRAZO DE SUBSANACIÓN INSTADO POLA EMPRESA BARCI, S.L.

Expediente Contratación: 4021/2021	
Tipo de contrato: SERVIZOS	
Obxecto do contrato: XESTORÍA LABORAL DO CONCELLO DE CAMBADOS	
Procedemento de contratación: Aberto simplificado.	
Tramitación: Ordinaria.	
Código CPV: 79631000-6 Servizos de persoal e nóminas.	
Prezo estimado: 14.049,59 €	IVE: 2.950,41 €
Orzamento base de licitación: 17.000,00 € anuais	
Duración: 1 ANO	Previsión de prórrogas: Tres de 1 ano cada unha delas.

Na Oficina do Servizo de Contratación, o **día 14 de marzo de 2022**, ás once horas e tres minutos, reúnen os membros da Mesa de Contratación, o Alcalde, D. Samuel Lago Ozón (*presencial*), o Secretario municipal, D. Miguel Rodríguez de Vicente-Tutor (*presencial*), a Interventora municipal, D^a Paula Cacabelos Otero (*presencial*), o Arquitecto Técnico Municipal, D. Pelayo Eyo Valladares (*presencial*), a funcionaria do Servizo de Contratación, D^a M^a del Mar Mondragón Treviño (*presencial*), en relación co expediente de contratación do “**SERVIZO DE XESTORÍA LABORAL**” (Exp^{te}. 4021/2022), co obxecto de adoptar acordo en relación coa petición formulada pola empresa BARCI, S.L., relativa á prórroga do prazo de subsanación dos 3 días hábiles concedidos en virtude do acordo adoptado por esta Mesa, en sesión do 08/03/2022.

1º.- ANTECEDENTES.

A Mesa de Contratación, en sesión celebrada o pasado día 08/03/2021, adoptou entre outros e en relación coa oferta presentada pola empresa BARCI, S.L., o seguinte:

“...2.4.- APERTURA DAS OFERTAS PRESENTADAS.-

Procédese seguidamente a transcribir as ofertas presentadas polas empresas que concorren ao procedemento e que se reflicte no cadro seguinte:

Nº	Empresa	Valor estimado	IVE	Orzamento base	CRITERIOS ADJUDICACIÓN		
		Prezo s/IVE	IVE	Prezo c/IVE	Baixa	Acreditación Idoneidade equipo	Acreditación Asesoramento legal
1	BARCI, S.L.	8.500,00	1.785,00	10.285,00	6.715,00	Non (1)	Si
REQUIRIMENTOS A EFECTUAR:							
(1)	BARCI, S.L. A documentación presentada non acredita que a persoa proposta como responsable do equipo adscrito á execución do contrato posúa experiencia na execución de contratos de xestión laboral formalizados coa Administración Pública consonte ao establecido na cláusula 14ª e coa forma establecida no Anexo III do Prego (certificado expedido ou visado polo órgano competente da Administración Pública onde se prestasen os servizos de referencia). Declaro non estar inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público o que é causa de exclusión do procedemento consonte ao disposto no artigo 159.4 a) da LCSP e cláusula 16ª do prego.						

A Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda:





ILMO. CONCELLO DE
CAMBADOS

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA ADOPCIÓN DE ACORDO EN RELACIÓN COA SOLICITUDE DE PRÓRROGA DO PRAZO DE SUBSANACIÓN INSTADO POLA EMPRESA BARCI, S.L.

“...Segundo.- Requirir ás empresas **BARCI, S.L.**, **UNIPRO-PONTEVEDRA, S.L.**, **MULTIGESTIÓN ASES, S.L.**, **GAESA ASESORES SLP** e **MARTÍNEZ Y LILLO, S.L.P.** para que, **no prazo de 3 días hábiles** a contar dende o seguinte ao da recepción da notificación que se lle practique ao efecto, poidan presentar a través da sede electrónica do Concello a documentación que permita subsanar as cuestións advertidas no cadro de antecedentes anterior...”

2º.- ESCRITO DA EMPRESA BARCI, S.L.

Dando cumprimento ao acordado, en sesión do 08/03/2022, pola Mesa de Contratación, practicouse o correspondente requirimento á empresa BARCI, S.L., nas datas que se describen seguidamente:

PRÁCTICA DOS REQUIRIMENTOS:		Prazo de 3 días hábiles		
EMPRESAS	NOTIFICACIÓN REQUIRIMENTO	DATA RECEPCIÓN	FIN PRAZO	RECEPCIÓN DOCUMENTACIÓN
1	BARCI, S.L.	2022-S-RE-475 09/03/2022	09/03/2022	14/03/2022
				2022-E-RE-629 10/03/2022

Con data 10/03/2022, recíbese escrito 2022-E-RE-629, de D^a Laura Barrena Cifuentes, en representación de BARCI, S.L., solicitando unha ampliación do prazo de tres días concedido pola Mesa de Contratación do servizo de xestión laboral en data de 08.03.2022.

Visto que se trata dun procedemento de concorrencia competitiva e que con esta ampliación perxudicáranse dereitos de terceiros, tendo en conta que a documentación acreditativa requirida xa se detallaba nos pregos administrativos particulares tendo tempo suficiente para solicitala durante o prazo de presentación de proposicións e sobre a cal aínda se concedeu prazo de corrección, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros,

ACORDA:

1. Denegar expresamente a solicitude presentada D^a Laura Barrena Cifuentes, en representación da entidade BARCI, S.L. con CIF B8257498 pola que solicita unha ampliación do prazo de corrección de tres días concedido pola Mesa de Contratación do servizo de xestión laboral en data de 08.03.2022 e reiterarse en que deberá aportar a documentación indicada no requirimento practicado o 09/03/2022.

2. Notificar a presente Resolución á mercantil interesada.

E non tendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión, sendo as once horas e dezaioito minutos, estendéndose a presente Acta, que asina electronicamente o Sr. Alcalde e a secretaria da Mesa de Contratación, no lugar e data indicados no encabezamento.

